

O CONCELLO DE CUNTIS MERCOULLE IRREGULARMENTE MÁSCARAS A UNHA EMPRESA DO CANDIDATO DO PSOE DE BARRO CREADA EN XANEIRO DE 2021

- *Celquisan Global ten como administrador único a D. José Sanmartín Soto, concelleiro e candidato do PSOE de Barro, e foi creada en xaneiro de 2021. Inmediatamente despois convértese no provedor de máscaras e xel hidroalcolico, sen contrato, do Concello de Cuntis.*
- *Foron pagados máis de 8000 € a dedo sen que consten presupostos doutros provedores nin se saiba se eran esas as condicións máis vantaxosas.*
- *Mentres moitos negocios locais pasaban dificultades e sufrían restricións, o PSOE aproveitaba os recursos públicos para favorecer os negocios recién creados dos seus propios cargos electos.*

Cuntis, 26 de abril de 2022

Celquisan Global é unha empresa constituída o 21 de xaneiro de 2021, en Barro, cuxo administrador único é o señor Don Jose Sanmartín Soto, concelleiro nese municipio e candidato do PSOE á Alcaldía nas últimas eleccións municipais. O Goberno Municipal de Cuntis, tamén do PSOE, foi un cliente habitual desta empresa dende a súa propia creación. **Sen ningún tipo de contrato de por medio, adquiriu máscaras e xel hidroalcolico por máis de 8000 euros só durante o ano 2021.**

Constan a día de hoxe un total de 15 facturas (xa que en 2022 o Concello de Cuntis seguiu mercando este tipo de material a este provedor) dunha empresa que iniciou a súa actividade nun dos momentos máis delicados da pandemia e no que o uso de máscara era obrigatorio. **A maior parte das facturas foron pagadas de maneira irregular, mediante o procedemento de levantamento de reparo de intervención, práctica habitual na xestión económica do PSOE de Cuntis, que adoita contratar bens e servizos saltando a normativa de contratación pública.** Pode constatarse isto nos Decretos de Alcaldía que autorizan os pagos, que van dende os 73 euros ata os 1004 ata sumaren só en 2021 **un total de 8083'85 €** (se contabilizamos tamén 2022 a cifra sitúase nos 8927'05 €). Os citados decretos son, do ano 2021, o 168, 262, 339, 341, 425, 504, 660, 765, 795, 905 e 957.



Preguntámonos:

Pediu o Concello de Cuntis máis presupostos por este material? Era ese o provedor coas condicións máis vantaxosas? A que provedor se lle adquiría este material antes da constitución desta empresa? Cal foi o criterio para o cambio de provedor?

Se ben non lle corresponde a Veciñanza establecer as responsabilidades xudiciais e/ou penais que puideran derivarse deste tipo de facturación, resulta evidente que estamos ante outro caso de caciquismo tan típico e característico do PSOE de Cuntis. **A contratación a dedo de material imprescindible á recen creada empresa dun compañeiro de partido. É de tal obscenidade comprobar agora como se lucraban algúns nos momentos de maior sufrimento da pandemia do coronavirus que resulta certamente repugnante. Mentres moitos negocios locais pasaban dificultades, sufrían restricións, tiñan que acollerse a axudas excepcionais para sobrevivir... o PSOE aproveitaba os recursos públicos para favorecer aos seus propios cargos electos.**



Mentres en Cuntis se contan por dúcias os provedores locais con facturas pendentes da última década, a nómina de militantes do PSOE que lle facturan ao concello por bens e servizos sen contrato non deixa de aumentar.

O Goberno Municipal de Cuntis practica unha xestión económica que levou ao concello ter que ser intervindo e rescatado polo Ministerio de Hacienda debido á acumulación de facturas sen pagar que constitúen unha débeda astronómica. As consecuencias desta situación serán a suba de taxas e impostos municipais que nos afectarán aos veciños e veciñas de Cuntis, así como aos pequenos negocios locais. **Onde non repara en gastos o Alcalde é no mantemento dos inxentes gastos publicitarios e agora tamén, como descubrimos, na adquisición irregular de material a empresas de compañeiros de partido creadas expresamente para tal fin.**

A seguir detállanse os datos da inscrición no Rexistro Mercantil e incluímos como anexo a contabilización da factura de Celquisan Global a Concello de Cuntis.



Denominación social

CELQUISAN GLOBAL SL C/ RUA AS BALADAS 6 2º F - PARROQUIA DE PERDECANAI (BARRO). **Objeto social**

Actividad principal. 4645.- importación, exportación, comercialización, transporte y distribución de productos de higiene, limpieza, protección laboral, epis e material médico. Actividad secundaria: las actividades anexas y complementarias a las referidas; obras civil e pública de pavimentados en ho.

CIF

no disponible

Fecha constitución

21/01/2021

Antigüedad

un año

Capital social

6.000,00 €

Ventas

-

Registro

Pontevedra

Últimas cuentas depositadas

-


Consejo**Órgano administración**

Administrador único

> Nombramientos.

Con fecha 27 de enero de 2021 se inscribe en el Registro Mercantil el nombramiento de [Sanmartin Soto Jose](#) como Administrador Único de la sociedad.

Fuente: Boletín Oficial del Registro Mercantil

Fecha inscripción: 27/01/2021 T 4347, L 4347, F 215, S 8, H PO 67748, I/A 1 **> Constitución.**

Se constituye la empresa con fecha 27 de enero de 2021 mediante escritura pública. La empresa se crea con un capital social inicial de 6.000,00 Euros e inicia su actividad el 21 de enero de 2021. El domicilio social en el momento de su constitución se establece en C/ RUA AS BALADAS 6 2º F - PARROQUIA DE PERDECANAI (BARRO). La empresa indica que su actividad es **ACTIVIDAD PRINCIPAL. 4645.- Importación, exportación, comercialización, transporte y distribución de productos de higiene, limpieza, protección laboral, epis e material médico. ACTIVIDAD SECUNDARIA: Las actividades anexas y complementarias a las referidas; Obras civil e pública de pavimentados en ho.**

Fuente: Boletín Oficial del Registro Mercantil

Fecha inscripción: 27/01/2021 T 4347, L 4347, F 215, S 8, H PO 67748, I/A 1 